

ALÁ LONXE

A música espallábase por todo o cuarto e ela deixábase levar polos acordes. A [composición de Armstrong](#) levábaa a aqueles primeiros días en que se escribían longas mensaxes, cheas de coincidencias e anécdotas, de momentos por compartir, con descubrimentos de sorpresas por ambos. Non pasara moito tempo, pensou, ao facer contas de cando foi que el lle enviou unha mensaxe inaugurando unha longa lista de músicas para disfrutar e tamén, para encher de brillantes perlas musicais o tecido máxico que construían a catro mans. E así sentía que ocorría moitas veces, coma si ambos tocasen un piano ... e se sorprendían do doado que era levar non só o compás sen telo intentado antes, senón sentindo tamén que as súas respiracións case que ían ó mesmo ritmo.

E seguiu movéndose ... escoitando as verbas que ían compoñendo unha estela ó redor dela ... mentres fora o sol íase despedindo entre azuis e vermello, entre laranxas e violáceas sombras que enchían o ceo. Foi buscar o móbil para facerlle unha foto ... dúas, parecidas, cheas de cores, feitas nun segundo e no seguinte momento xa saía a mellor para el que estaba alí, acabando a tarde de traballo entretido entre tarefas pendentes e decisións importantes. El mirou a pantalla e sorriu, mentres miraba aquel solpor. Soubo que era daquel momento, e daquela muller, que de cando en vez lle regalaba unha imaxe ... e facíao voar alí, a ese ceo cheo de cores que se bañaba no mar e un suspiro escapaba mentres lle debuxaba o sorriso de volta.

Separados por unha hora en avión, apenas uns meses desde que se coñecían pero para eles parecían anos de saberse preto, coa confianza dunha longa amizade, cada un no seu traballo, cada un na súa casa, cada un coa súa familia ... vidas separadas polo tempo e o espazo.

Uns minutos despois o ceo escurece e aparecen as primeiras estreliñas. Ela, nese momento recorda aquela noite cando el lle ensinou onde localizar a Polar. Aínda sente que se lle acelera o corazón recordando aquel día e mándalle un bico en forma de asterisco que el responde cunha flor.

Cando el sae do despacho, mira aquel ceo no que unhas poucas estrelas se ven mesturadas coas luces da cidade, por un segundo vese alí, lonxe, vese con ela, abrazándoa coma nunca o fixo, bicándoa coa dozura e a paixón que quixera demostrarlle e aínda non puido. E, por un instante, sente que o corazón medra e non lle cabe ... e soa Armstrong de novo, cando acende o coche para volver á casa.

E alí, na estrela que brilla no alto, onde os dous miraron, coincidindo, sen dicirse nada, alí, lonxe, vive o seu amor. Alí, ela fai pan no forno dunha casa humilde. Sae fora e o ar é fresco na mañá dun día de primavera que tarda en chegar. Un inmenso manto verde cobre toda a montaña do norte e a súa frescura pódese respirar mesturada coa brisa dun mar que non se ve, pero se sente, se ole. Un segundo alí, parada na porta, pecha os ollos para sentir o sol que acaricie a súa cara mentres respira ben fondo, limpa as mans aínda de fariña cun pano e vai ó alpendre, ó lado da casa, e fronte á porta entreaberta mira coma el traballa. Deixase ir a modo, sen facer ruído, para non molestalo e así, docemente, abre a porta. El levanta a cabeza para mirala e ela ve naqueles ollos a alegría de abrir un agasallo, o brillo dos ollos do neno cando ve por primeira vez o mar, a dozura do home que quere amar. A peza que está a facer é dun barro moi claro, case branco, da rexión, e parece que será algo ben pequeno pois apenas se ve nada entre as súas maos. Ela acércase, e inclínase a darlle un bico na fronte. El segue traballando mentres o calor dela lle roza nas costas e pecha os ollos para sentir o olor a pan ... nese instante tan so quixera probalo ...